



# A senda da convivencia: experimentar valores no centro

**Luis Fernández López**  
**Susana Fernández Vázquez**  
**Carlos Ferreiro González**  
IES Carlos Casares  
Viana do Bolo (Ourense)

**Unha experiencia de educación en valores que vertebra o traballo en tres niveis: a convivencia e o tratamento do conflito dentro do propio centro, a actividade de voluntariado no contorno máis inmediato (Viana do Bolo, Vilariño de Conso e A Veiga) e a aproximación á convivencia no mundo.**

O proxecto iníciase no curso 2001/2002 coa constitución dun grupo de traballo que se foi repetindo en cursos sucesivos. Nese período enfrontámonos a unha forma de ver o conflito como algo normal e inevitable nas relacións humanas, que non se debe agachar, e que contribúe a aprender a vivir na sociedade e a establecer relacións de convivencia adecuadas. Quizais a escola sexa o lugar idóneo para que o alumno se enfrente ao conflito, porque é aí onde pode ser apoiado, onde atopa respostas e onde aprende a elaborar estratexias que o

capacitan para manexar estas situacións.

## **A mediación escolar**

Nesa fase formativa aproximámonos á mediación escolar como modo de solucionar problemas e de adquirir valores de convivencia. Para este fin contamos coa experiencia e axuda dos IES Teis de Vigo e Ramiro II de La Robla (León). Tamén hai que destacar os apoios do profesor da Universidade da Coruña, Xesús Jares, e o asesor da Consellería de Educación, Emilio García. Con estes antecedentes formamos, hai dous cursos,

Un momento do curso de mediadores de Viana do Bolo en Viana do Castelo



o primeiro grupo de mediadores dispostos a intervir nos problemas que xurdisen no centro.

Na actualidade, cando se produce un conflito, as persoas implicadas acoden ao Departamento de Orientación. Alí explícanse as regras do xogo e o grupo de mediadores dispoñibles. Cada unha das partes implicadas escollen un mediador que debe ser aceptado pola outra parte. Deseguido principia o proceso, no noso caso, segundo o modelo de Torrego. Os mediadores reúnen por separado coas partes, é o momento de desafogarse. Logo pasamos á mediación propiamente dita, na que xuntos parafrasean os problemas, e os mediadores tentan facerlles comprender ás partes a forma de sentir do outro, ao tempo que investigan o que pretenden acadar. É moi importante ter en conta que os mediadores só facilitan o diálogo entre as persoas implicadas, e que nunca propoñen solucións.

Non pensamos que a mediación sexa

o único instrumento para afrontar a conflictividade nos centros educativos, nin que se poida aplicar en calquera casuística. Non obstante, a nosa experiencia móstranos que é un recurso útil, e o seu emprego na comunidade educativa exerce unha importante función preventiva, ao cuestionar o uso da violencia ou a pasividade, e ao insistir na necesidade do diálogo e da comunicación como vías efectivas de encarar os problemas.

Rematamos o noso terceiro curso no que os mediadores formaron parte activa na dinámica do instituto. Percibimos que xa están integrados na comunidade, e que empezan a ser utilizados sen relacionalos necesariamente cun proceso disciplinario da xefatura de estudos. Este ano o grupo interveu en catro conflitos aos que podemos engadir mediacións informais. Todos os casos tiñan como protagonistas os alumnos, aínda que nos ofrecemos a tratar conflitos entre calquera das partes da comunidade,

pensando, por exemplo, en conflito alumno-profesor, profesor-profesor, entre persoal non docente, etc.

## Programa de voluntariado no contorno

Dende o comezo do curso 2006/2007 o instituto forma parte do programa de voluntariado galego. Actualmente aceptamos voluntarios e voluntarias da comunidade educativa, como ex-alumnos, pais e nais de ex-alumnos, ou persoas que, dalgún xeito, estiveron vinculadas ao noso instituto; pero tamén poden pertencer ao colectivo de voluntarios, persoas de fóra do centro. O programa está coordinado pola presidenta da ANPA, María Fernández Estévez e os voluntarios e voluntarias contan con seguro para as actividades que realizan. Os servizos ofertados están relacionados cos valores, en xeral, e coa convivencia, en particular. Sirvan estes como exemplo:

- Voluntariado de cooperación internacional. Neste caso contamos con alumnado de bacharelato e cunha voluntaria externa que coordina as actividades de irmandamento coa Unidade Educativa Timoteo Rondaes.
- Voluntariado de mediación escolar. Aos mediadores e mediadoras de todos os sectores da comunidade, cando deixan o centro, ofréceneselles seguir vinculados ao equipo de mediación a través desta figura. Colaboran na extensión da mediación a outros centros, ás familias ou nos cursos de formación de mediadores.
- Voluntariado de educación ao



consumidor, integrado na Rede Europea de Educación para o consumidor.

- Voluntariado de mediación social no contorno, integrado no Departamento de Orientación.

## Cooperación internacional

En principio hai que dicir que no noso centro non hai ningún alumno inmigrante. O alumnado de Viana do Bolo vive nunha sociedade moi homoxénea e, polo tanto, non podemos saber cal sería o seu comportamento fronte a unha experiencia intercultural. Iso non significa que non precisen prepararse para convivir nunha realidade que, sen dúbida, experimentarán ao longo da súa vida. Por outra banda, consideramos necesario que valoren a problemática da

inmigración e da pobreza nos países subdesenvolvidos, ou en vías de desenvolvemento.

A partir desta idea optamos por relacionar o noso centro coa Unidade Educativa Timoteo Rondales, da localidade de Bermejo, no estado boliviano de Santa Cruz de la Sierra. Traballamos permanentemente coa ONG *Escuelas del mundo* e co profesor Arcil Arroyo que coordina o irmandamento en Bolivia. Esta relación interinstitucional contou coa aprobación dos consellos escolares de ambos os dous centros. A partir de aí comezou unha fase de coñecemento mutuo a través de cartas, traballos conxuntos, concursos de debuxos, etc. No mes de xullo de 2007 o director do IES Carlos Casares viaxa a Bolivia para estar na unidade educativa e colaborar en diferentes aspectos como a

formación do profesorado.

Tamén nesta viaxe se prepara a visita dunha delegación boliviana a Viana do Bolo no primeiro trimestre do curso 2007/2008, que estará formada polo profesor Arcil Arroyo, un alumno de secundaria e unha arquitecta. A estancia de tres semanas pretende ser un exemplo de cooperación, na que algúns dos nosos alumnos se implicarán directamente na xestión do proxecto e na que todos practicarán e vivirán a cooperación.

Durante a estada os bolivianos integráronse na vida normal do instituto; o alumno nas clases e o profesor na docencia e en cursos de formación. Tamén desenvolverá sesións de tutoría co noso alumnado e amosaralle a realidade educativa do país andino. Estas tutorías realizaranse, tanto no noso centro, como noutros de diferentes localidades de Galicia.

A Unidade Educativa Timoteo Rondales presenta a mesma problemática que outras escolas públicas de Bolivia, pero algo lle urxe: non dispón dun edificio para educación secundaria. Arestora están a realizar un proxecto de construción que traerán a España. Coa cooperación do alumnado e do profesorado vianés presentaranlles o devandito proxecto a diversas entidades

Novo grupo de mediación para o curso 2007/2008. No grupo hai alumnado, profesorado, nais e persoal non docente





Xornada de irmandamento en Bolivia en xullo de 2007.

De esquerda a dereita, o alumno Fernando Medina, Luís Fernández, director do IES Carlos Casares, Osvaldo Urrelo, director da UE Timoteo Rondales, o profesor Arcil Arroyo e a arquitecta Katy Rojas. O grupo forma a delegación que visitará Viana do Bolo en novembro.

públicas e privadas de Galicia para recadar fondos. Un traballo moi fermoso que tocará, sen dúbida, a sensibilidade do noso alumnado, e que contribuirá a enraizar o valor da solidariedade.

## **A valoración xa ten que ser positiva**

A avaliación da educación en valores é complexa, e será o futuro, co exercicio da

cidadanía dos próximos anos, a que demostrará se as intervencións educativas serviron para algo.

Non obstante, dende o punto de vista pedagóxico, a valoración ten que ser positiva, porque consideramos os valores como unha aprendizaxe máis que se debe conseguir na familia e na escola. A realidade móstranos que non se tratan igual os valores que as aprendizaxes máis clásicas, como as matemáticas, as





ciencias, a literatura ou a historia. Temos bastante claro que non serve de moito dicirilles aos rapaces que é importante que saiban facer ecuacións de segundo grao e que deben facelas ben. Sabemos que cómpre ensinarlles a resolvelas e exercitalas unha e outra vez. Cos valores, con frecuencia, actuamos doutro xeito: dicimos que deben escoitar os demais, non insultar, integrar o diferente e, mesmo, pensar no mundo do sur, que ten importantes problemas. Pero o certo é que tampouco neste caso valen os discursos abstractos, e o que hai que facer é practicalos. A mediación escolar axuda os alumnos a experimentar a resolución pacífica de conflitos. Por outra banda, enfrontalos á difícil realidade de compañeiros seus en Bolivia, e á necesidade de cooperar no seu desenvolvemento, é unha forma eficaz de ensinar solidariedade. Neste intento, o feito de acadar aprendizaxes prácticas e vividas, xa nos permite tirar unha

avaliación positiva da educación para a convivencia que estamos a realizar.

Unha das alumnas mediadoras máis experimentadas comentou, ante alumnado e profesorado doutro centro, que para ela a mediación xa servira para afrontar doutra maneira os seus propios conflitos fóra do instituto. E un alumno do programa de diversificación curricular, nunha charla coa súa familia, dixo que o problema da chegada masiva de inmigrantes a España había que entendela, que había que pensar nas condicións que tiñan nos seus países de orixe, e que deberíamos pensar por que o fan. Claro que son dous casos puntuais dos que non se poden extraer conclusións con valor científico, pero para os mestres e profesores representan unha boa carga de enerxía para continuar na senda iniciada, e para pensar que, talvez, o camiño escollido sexa un dos correctos. O traballo de cooperación está

enmarcado dentro do Plan Valora e o centro foi recoñecido co segundo Premio Nacional de Boas Prácticas de Convivencia.

## Bibliografía

TORREGO, J. C. (2000) *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para la formación de mediadores*. Madrid, Narcea.

JARES, X. (2001) *Aprender a convivir*. Vigo, Xerais.

Nas seguintes páxinas webs pódese ver o caderno de formación de mediadores e mediadoras en galego e castelán:

[http://www.edu.xunta.es/convivencia/outr os\\_pdf/caderno\\_mediacion.pdf](http://www.edu.xunta.es/convivencia/outr os_pdf/caderno_mediacion.pdf)  
[http://convivencia.mec.es/sgc/mem2006/ B\\_2P\\_CARLOS\\_CASARES\\_web.pdf](http://convivencia.mec.es/sgc/mem2006/ B_2P_CARLOS_CASARES_web.pdf)

## Convivir ao compás do fado

Este ano o curso de novos mediadores tivo lugar no mes de xuño no *Albergue da Juventude* de Viana do Castelo, en Portugal. Iniciámolo cunha formación de tres horas no propio centro. Logo seguiu un curso intensivo, de doce horas e na fin de semana, ao rematar cada curso académico. A formación repasa unha serie de aspectos e técnicas que se tratan no caderno de formación de mediadores, feito polo equipo, e que se pode ver en Internet (consultar Bibliografía). Outros anos fixémoslo en albergues próximos a Viana do Bolo pero, nesta ocasión, quixemos premiar o alumnado cun curso na costa e nun lugar de interese turístico, pola súa contribución ao segundo Premio Nacional de Boas Prácticas de Convivencia que lle foi concedido ao centro. Participaron 34 persoas entre profesores e alumnos, ademais dunha nai do programa de voluntariado. Combinamos actividades teóricas, dinámicas de grupo, proxección e análise da película *Mentes Perigosas*, con actividades lúdicas, como paseos pola zona histórica de Viana do Castelo ou actividades na praia. Dous días para convivir pais, alumnos e profesores nun contorno inmejorable. A praia, as rúas de Viana do Castelo na noite de San Xoán, o ritmo de fado e o deveso de pasalo ben dos adolescentes, crearon un marco de convivencia real e sentida. O próximo ano seguimos.